



**Año Europeo del
Voluntariado**

**El Voluntariado, fuerza
y motor de Cáritas**

Ovidio Rodeiro,

Director Xeral de
Xuventude e Voluntariado da
Consellería de Traballo e Benestar
da Xunta de Galicia

**“A calidade humana dos
voluntarios é excepcional”**

**Servicio de intermediación laboral
Venta especial vestidos de novia.**

Diocesana de Tui - Vigo

14 marzo 2011



Caritas

SUMARIO



- 4 **Entrevista con**
Ovidio Rodeiro, Director Xeral
de Xuventude e Voluntariado da
Consellería de Traballo e Benestar
da Xunta de Galicia



- 6 **A fondo**
El Voluntariado, fuerza y motor de
Cáritas



- 8 **En acción**
Servicio de intermediación laboral



- 9 **En acción**
Venta especial de vestidos de noiva



- 10 **Breves**
A Fundación Barrié de la Maza
renova o seu programa de axudas
con Cáritas
Voluntariado en marcha
Colaboracións públicas e privadas
A Asemblea Xeral de Cáritas insta
aos poderes públicos a aumentar
os recursos sociais para os máis
vulnerables



Cáritas
Diocesana de Tui-Vigo

Boletín número 24. Marzo de 2011

Director: Ángel Dorrego Leal

Delegado Episcopal: Jaime

Barrecheguren Beltrán

Coordinación: Programa de
Animación Comunitaria y
Voluntariado; Belén Tombilla y José
Ángel Iglesias Álvarez

Redacción: Ángel Dorrego, Belén
Tombilla y César Jiménez.

Fotografía: Jose Ángel Iglesias,
Belén Tombilla, prensa Xunta de
Galicia, Cáritas Española

Imprime: Imprenta Paz

Diseño: Magenta



**Son personas
No son números**

En Cáritas, antes, durante
y después de la crisis,
trabajamos por la justicia.

**Porque nos importan las personas
queremos seguir contando contigo**

902 33 99 99

o en tu Cáritas Diocesana

Cáritas
www.caritas.es

Una sociedad con valores es una sociedad con futuro



XXI Siglos haciendo el bien

por Jaime Barrecheguren Beltrán,
Delegado Episcopal da Acción Socio-Caritativa de la Diócesis de Tui-Vigo

“Porque tuve hambre y me disteis de comer, tuve sed y me disteis de beber, fui forastero y me hospedasteis, estuve desnudo y me vestisteis, enfermo y me visitasteis, en la cárcel y vinisteis a verme” (Mateo 25, 35-37)

Podríamos decir que la Iglesia es la “inventora” del voluntariado. Porque Jesús “nació pobre entre los pobres”; porque la fe implica el compromiso para con el prójimo y la entrega voluntaria a los más desfavorecidos, los voluntarios de Caritas, recordando el mensaje de Jesús “amarás al prójimo como a ti mismo”, viven la espiritualidad del don y se sienten corresponsables en el destino del hombre: escuchan al que se encuentra sólo, enseñan a los niños con problemas de aprendizaje, prestan servicios en comedores y albergues sociales, acompañan al inmigrante en su proceso de integración, al preso, al drogadicto, al marginado, al anciano desasistido, al hermano que vive en un país subdesarrollado... siempre cerca de las personas necesitadas.

El voluntario da otro valor a la vida. Su testimonio de vida le dice al hombre donde se encuentra la verdadera felicidad: en el compartir, en el donarse, en el amor con la misma gratitud de Dios que rompe la lógica del egoísmo humano. En Caritas entendemos la acción voluntaria como una vocación personal y comunitaria de participación social, de servicio gratuito a los demás, especialmente a los que más sufren, y de compromiso sostenido por la transformación de la sociedad, y no como un medio fácil para tranquilizar la conciencia, para adquirir prestigio o para promocionarse socialmente. El voluntario de Caritas no “compra” resultados sino que anda caminos, aprendiendo a dolerse de lo que le duele.

El Señor mismo quería ser necesitado, como sabemos. ¡Dios no abandona nunca a nadie!, nos dice Benedicto XVI. Su misión continúa a través de aquellos, que como en otras partes del mundo, viven el carisma de ser misioneros, misioneros de la Caridad. “No seremos testigos creíbles de Dios, nos sigue diciendo el Papa, si no somos fieles colaboradores y servidores de los hombres”.



Ovidio Rodeiro, Director Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Bemestar da Xunta de Galicia dende o ano 2009, responde ás preguntas de Cáritas nesta entrevista con motivo do Ano Europeo do Voluntariado.

Sr. Rodeiro, como responsable da Xunta de Galicia no eido do voluntariado, ¿cales son os seus retos e máximas preocupacións nesta materia?

O máis importante que ten que facer unha administración en materia de voluntariado é crear as bases axeitadas para que entidades como Cáritas Diocesana de Tui-Vigo poidan seguir facendo o importantísimo labor de axuda que desenvolven e que precisa do esforzo solidario dos voluntarios. E cando me refiro ás bases axeitadas, falo tanto das axudas económicas de colaboración coas entidades de acción voluntaria, como tamén de dotar a este sector dos instrumentos legais e de planificación que dean cobertura ao traballo das entidades e garantan o labor dos voluntarios.

Neste tempo como director xeral no que seguro tivo a oportunidade de coñecer de preto a persoas voluntarias, entidades e proxectos de voluntariado, ¿qué é o que máis lle ten sorprendido?

A magnitude e a puxanza dun sector que eu coñecía como simple voluntario nunha asociación pero que, visto dende unha perspectiva integral, engloba en Galicia a máis de 750 asociacións, que acollen a uns 30.000 voluntarios. Pero quizais o máis sorprendente e, ao mesmo tempo gratificante, é ter a sorte de poder coñecer no día a día do voluntariado galego a persoas que dan o mellor de si para axudar aos demais. A calidade humana dos voluntarios é excepcional.

Tendo en conta o nome da súa Dirección xeral, ¿Cree realmente que o voluntariado e a xuventude están directamente relacionados?

Rotundamente si. Temos que loitar contra o estereotipo que presenta á xuventude como persoas que non se interesan por nada. A maioría dos mozos e mozas da Galicia son persoas preparadas, responsables e comprometidas, que están desexando unha oportunidade para poder demostrar a súa valía. Por iso, imos



Ovidio Rodeiro, Director Xeral de Xuventude e Voluntariado

**OVIDIO RODEIRO,
DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE
E VOLUNTARIADO DA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA**

**“A calidade humana
dos voluntarios é
excepcional”**



Ovidio Rodeiro, recentemente xunto cun grupo de persoas voluntarias.

poñer en marcha un programa novidoso de voluntariado xuvenil, onde as entidades poderán solicitar a colaboración en determinados proxectos de voluntarios menores de 30 anos e a administración sufragará as axudas de custo destas persoas.

Qué cree que o voluntariado galego necesita para seguir adiante coa súa labor solidaria? ¿Cal é o papel da Xunta de Galicia neste tema?

Como dicía antes, o noso papel é o de sentar as bases para garantir, protexer e promover o labor do voluntariado. Para iso, temos xa redactado o proxecto da Lei Galega de Acción Voluntaria, un texto que foi aprobado en maio pola unanimidade de todos os compoñentes do Consello Galego do Voluntariado. A elaboración deste anteproxecto partiu da premisa de contar co máximo consenso posible. Trátase dun texto novidoso e moderno, que incorpora as novas visións da Unión Europea.

Ademais, é unha lei completa, que abrangue desde a formación ata o fomento da acción voluntaria en todos os eidos da sociedade. Unha das novidades é que posibilita que os voluntarios poidan acreditar a súa experiencia adquirida a través de certificacións oficiais. Ademais, o anteproxecto incorpora novas accións de fomento do voluntariado para lograr unha maior

continuidade temporal, así como promover o voluntariado nos centros educativos e fomentar a acción voluntaria corporativa que desenvolven as empresas. Ao mesmo tempo, estamos a traballar, en colaboración coas entidades de voluntariado, no plan galego de acción voluntaria que sentará as bases da actuación da Administración Galega nos próximos anos.

Qué lle diría ao voluntariado de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, con motivo do Ano Europeo do Voluntariado?

“Camiños de Solidariedade”. Ese é o lema do Congreso estatal de voluntariado que, con motivo do Ano Europeo de Voluntariado, acollerá Santiago os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro e que fará que Galicia se converta no epicentro da acción voluntaria de toda España. Eu diríalle aos voluntarios de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo que, si poden, participen neste congreso ou nas moitas actividades que organizaremos dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para conmemorar esta data.

Pero sobre todo, eu teríalles que pedir aos voluntarios que sigan traballando nesta mesma liña, xa que a través do seu importantísimo labor altruísta melloran a vida de moitas persoas. Polo tanto, non me queda máis que dicirlles: moitas grazas polo voso traballo.



Asistentes a la Jornada de formación de voluntariado de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo del año 2007.

El Voluntariado fuerza y motor de Cáritas

En España son más de 65.000 personas las que dedican su tiempo a los demás a través de Cáritas, 500 de ellas lo hacen en la Diócesis de Tui-Vigo. 2011 es el Año Europeo del voluntariado. Esta calificación es un motivo de celebración y un reconocimiento para todas ellas.

Rocío es una persona normal, con su trabajo y su familia. Los fines de semana acude a un piso de acogida para mujeres, saluda a unas y otras, juega con los hijos de las mujeres, charla con ellas salen de paseo etc. La historia de Rocío tiene mucho en común con la de Fernando que hace años, al jubilarse, decidió poner al servicio de otros sus conocimientos y experiencia a través de Cáritas Diocesana.

En unos tiempos en los que el filósofo Marshall McLuhan habla de la Aldea global, en la que la gente está en contacto con gente del otro lado del mundo, quizás comenzamos a perder la visión cercana de los que nos rodean y están en nuestro mismo edificio, en nuestro barrio. Los voluntarios afirman que es muy diferente ver situaciones duras en la televisión a verlas en vivo, delante de ellos. Las situaciones de dificultad dejan de ser un relato televisivo para

convertirse en Ana, Juan, Mohamed o Carmen gentes como ellos mismos a las que la vida les ha situado en un momento delicado. Afrontar sus problemas y ponerse a su lado a la hora de resolverlos cambia a las personas que realizan actividades de voluntariado en Cáritas, hace que en muchos casos cambien la manera de ver y vivir sus propias vidas, siendo más consciente de la realidad, cambiando su escala de valores.

“Recibo más de lo que apporto” afirma Pilar. Su labor es acoger a las personas y familias que acuden a su parroquia, escucharles y junto con ellos buscar la manera de salir adelante

Las motivaciones del voluntariado de Cáritas, son variadas: ayudar a los demás, sentirse útil, ocupar el tiempo libre, responder a una exigencia como cristiano/a comprometido/a, participar activamente en la vida de la comunidad intentando construir un mundo mejor para todos/as etc.





Año Europeo del Voluntariado 2011

Logotipo del Año Europeo del Voluntariado

organización salen de entre los voluntarios de base. “Los que formamos parte de la Junta Directiva damos un paso al frente a nuestro pesar. Sabemos que alguien tiene que tomar las riendas y que eso nos exigirá más tiempo y compromiso, por eso siempre necesitamos gente que se sume y se implique”, afirma Jaime Barrecheguren, Delegado episcopal de Acción sociocaritativa de la Diócesis y miembro de la Junta directiva.

Los profesionales que trabajan en Cáritas son sobre todo trabajadoras sociales, educadoras y técnicos que aportan sus conocimientos y complementan la labor del voluntariado.

Por otra parte, desde el Programa de Animación Comunitaria y Voluntariado de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, así como desde Cáritas Española, no se dejan de proponer actividades de formación para el voluntariado, mejorando así su acción.

Actividades de formación formal y también actividades de encuentro, convivencia e intercambio de experiencias que permitan el crecimiento personal del voluntariado en su ser y hacer en Cáritas, que fomenten el sentimiento de pertenencia, la identificación, vinculación institucional y el compromiso y que además refuercen las motivaciones permitiendo seguir adelante.

Cáritas Diocesana, como entidad de voluntariado es consciente de que ahí precisamente radica toda su fuerza, y que su reto es además de la formación, la gestión, cuidado y acompañamiento de su voluntariado, el conseguir la participación e implicación de las personas voluntarias dentro de la propia organización, mejorar la vinculación e incidencia en la sociedad, en especial de las comunidades cristianas y hacer consciente a su voluntariado de su capacidad transformadora de la sociedad.

Sin duda el mundo sería un lugar peor sin la existencia de personas voluntarias. Ellos y ellas hacen que en un mundo lleno de superficialidad y discursos sin contenido, palabras como: gratuidad, altruismo, solidaridad, entrega, compromiso, generosidad y esperanza sigan teniendo significado.

A pesar de que todos afirman sentirse afortunados porque reciben más de lo que ofrecen, las palabras que surgen al conocerles son admiración y respeto, profundo y sincero.

“Lo más complicado hoy día es conseguir el compromiso de colaborar”, afirma una de las voluntarias. “mucho gente tiene muy buen corazón y ayuda de forma puntual, lo cual se agradece, pero la constancia y el compromiso hacen realmente el voluntariado”. Una de las pocas cosas que se les requiere es el compromiso, a lo mejor no mucho, unas horas al mes, pero sí constantes, lo que permite desarrollar programas y actividades estables.

Cáritas tiene también una organización atípica en cuanto a su estructura, sus dirigentes son personas voluntarias. Cáritas cuenta con profesionales contratados, pero quienes organizan las actividades y dirigen la

Servicio de intermediación laboral

El Programa de Empleo de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo pone en marcha este servicio que tiene como objetivo principal contribuir a la mejora de la empleabilidad ofreciendo su servicio tanto a las empresas como a las personas desempleadas.

Este servicio de mediación trabaja de forma integral para que el proceso de inserción laboral de las personas que llegan a Cáritas solicitando orientación y ayuda en la búsqueda de empleo, sea eficaz.

Se trata de gestionar los recursos humanos de forma que todas las partes resulten beneficiadas.

Proceso de mediación laboral

La empresa interesada en el servicio ofrece la información sobre las características del puesto, perfil profesional deseado, etc.

El personal técnico de Cáritas realiza una preselección ajustada al puesto. El Programa de Empleo de Cáritas cuenta con una amplia y actualizada base de datos de personas candidatas.

Por su parte la empresa valora las candidaturas presentadas por el equipo técnico de Cáritas y selecciona a la persona que mejor se adapte al puesto. Cáritas, a través de su Programa de Empleo, garantiza un proceso de selección serio, eficaz y profesional dónde la empresa es asesorada en todo momento por el equipo técnico de Cáritas.

Beneficios del Servicio de mediación laboral para la empresa.

En primer lugar es importante destacar que la mayoría de las contrataciones realizadas a través



Detalle del Servicio de intermediación laboral

de este servicio pueden ser bonificadas según las medidas para el fomento de la contratación del Ministerio de Trabajo.

Se trata de un servicio totalmente gratuito, en el que prima la rapidez, la eficacia y la calidad.

De igual modo resulta beneficioso para la empresa la actualización constante de la base de datos y el trabajo previo que desde el Programa de Empleo se realiza con los candidatos.

Señalar también el seguimiento y trabajo coordinado con la empresa lo que garantiza un trato personalizado.

Las empresas participantes en el servicio pasan a ser consideradas como empresas colaboradoras de Cáritas, lo que le asegura publicidad y difusión de forma totalmente gratuita.

Además es importante recordar que formando parte de este proyecto la empresa estará poniendo en marcha estrategias de activación de la mejora social y económica bajo las premisas de la Responsabilidad social corporativa.

Para más información:
Cáritas Diocesana de Tui-Vigo . Programa Empleo
Avda. García Barbón, 104 - bajo. 36201 Vigo
Teléfono: 986 44 33 10 / 618044936
Email: empleo@caritastui-vigo.org





Imaxe do desfile inaugural do outlet de vestidos de noiva.

Venta especial de vestidos de noiva

As dificultades que está a ter Cáritas Diocesana de Tui-Vigo para conseguir soporte económico para os seus proxectos en favor das persoas en situación ou risco de exclusión social fixeron que a entidade vise unha oportunidade de autofinanciamento cando un comercio de Vigo especializado en vestir noivas ofrecéullelos seus vestidos de mostraxe ao verse obrigado a pechar a súas portas.

Dende o 26 de febreiro ata o 26 de marzo tivo lugar esta actividade nada habitual para Cáritas: un outlet de vestidos de noiva e un desfile inaugural para darlle publicidade e difusión á actividade. Os prezos dos vestidos foron realmente anticrise e oscilaron entre os 200 e os 400 euros.

Os resultados obtidos superaron tódalas expectativas gracias en boa parte ao traballo e colaboración de moitas persoas e empresas que de xeito altruísta participaron na actividade, dende o comercio de noivas, que prefire quedar no anonimato, pasando polo Centro comercial

Grazas ao esforzo das persoas voluntarias e das empresas colaboradoras vendéronse máis de trinta vestidos recadando cerca de doce mil euros que contribuirán a que Cáritas poida seguir a traballar coas persoas en situación ou risco de exclusión do noso territorio.

Praza Elíptica que cedeu un local comercial durante un mes, Dolores Couceiro directora da axencia de modelos do mesmo nome que axudou na organización do desfile inaugural, as dezaioito modelos que desfilaron de xeito desinteresado e que se desprazaron dende toda Galicia, as perruqueiras que as peitearon, Miguel Vázquez, presentador da gala, Fran dj que puxo a música no desfile, a tinturaría Teleprenda, Cocasa que nos cedeu o seu almacén para gardar os vestidos, as case 70 voluntarias que en quendas fixeron de atentas e amables dependentas no local e tamén o grupo de voluntarias e amigas de Cáritas que colaboraron na posta a punto dos vestidos.

O desfile inaugural resultou un éxito sobre todo en canto á afluencia de público e a repercusión mediática. Todo isto facilitou a visibilidade de Cáritas, dos seus proxectos e da súa necesidade de acadar máis apoios económicos. Por último non hai que esquecer que con esta venda especial, noivas de toda Galicia tiveron máis fácil poder disfrutar dun dos días máis felices da súa vida.





Responsables de Cáritas e da Fundación asinando a renovación.

A Fundación Barrié de la Maza renova o seu programa de axudas con Cáritas.

O programa, dotado con 300.000 euros pretende apoiar ás familias galegas cuxa situación económica empeorou como consecuencia da perda de traballo, a partir do ano 2008, dun ou máis membros da unidade familiar, co fin de que poidan afrontar gastos fixos mensuais relacionados coa alimentación, vivenda, educación ou sanitarios. Apóiase tamén a formación e inserción laboral mediante a participación dos beneficiarios das axudas nos programas de emprego de Cáritas.

Para a Vicepresidenta da Fundación Barrié, Pilar Romero “a solución á crise non está nas nosas mans, pero non podemos permanecer alleos ás súas consecuencias e a nosa achega a este proxecto en tres anos foi modesta se se compara coa magnitude do problema, pero é unha iniciativa valiosa e pioneira porque serviu de exemplo a outras asociacións”.



Imaxe do encontro de voluntariado das Cáritas galegas no ano 2010 en Santiago de Compostela.

Voluntariado en marcha.

O pasado 19 de febreiro, 195 persoas voluntarias das Cáritas galegas, asistiron en Santiago a un encontro de formación no que baixo o título “A figura e coidado do voluntario en Cáritas” profundizouse sobre a definición e concepto do voluntario en Cáritas; sobre os factores que inflúen na permanencia e implicación da persoa voluntaria en Cáritas e sobre a figura do acompañante do voluntariado.

As próximas actividades de encontro e formación para o voluntariado son: O IV Encontro de voluntariado das Cáritas galegas que se celebrará no Ferrol o día 4 de xuño

O encontro confederal de voluntariado, organizado por Cáritas Española con motivo do Ano europeo do voluntariado, que terá lugar no Escorial (Madrid) o 20 e 21 de maio.

E a Escola de verán no Escorial, organizada tamén por Cáritas Española na primeira quincena do mes de xullo.

Para información sobre inscricións:
Caritas Diocesana de Tui-Vigo
Avda. García Barbón, 104 - baixo. 36201 Vigo
Teléfono: 986 44 33 10
Email: voluntariado@caritastui-vigo.org





Unha das imaxes que deixou a Asemblea Xeral de Cáritas Española no Escorial en Xanerio deste ano.

Colaboracións públicas e privadas.

Subvención Centro de Atención de día.

A Xunta de Galicia renovou con Cáritas en Contrato de Xestión de Servizos Públicos para o Acollemento Residencial de Menores en Situación de desamparo ou risco, que estean tutelados ou en garda pola Xunta, con efectos ata o 31.12.2011 para a atención das 16 prazas, que Cáritas ten concertadas con ela, no seu Centro de Atención de Día, de Sampaio en Vigo.

Doazón da Conferencia Episcopal Española.

Ao igual que o ano pasado, a Conferencia Episcopal Española doou a tódalas Caritas Diocesanas de España a cantidade de 4.000.000 de euros, provenientes do Fondo Común Interdiocesano, o que supón un incremento do 33% con respecto da cifra global entregada o ano anterior, despois de corresponderlle a esta Cáritas Diocesana 49.250 euros.


Deputación Provincial de Pontevedra entregou a principios de ano o importe da subvención de 6.000 euros, de acordo co Programa presentado sobre Familias Monoparentais con fillos a cargo. Cáritas quere facer constar o agradecemento a estas entidades polas súas aportacións que permiten manter os seus proxectos en marcha.

A Asemblea Xeral de Cáritas insta aos poderes públicos a aumentar os recursos sociais para os máis vulnerables

Ademáis alertou sobre os serios efectos que o impacto da crise está a ter no traballo diario de Cáritas e denunciou “a escasa resposta dos servizos públicos, a aplicación de novos recortes sociais e o insuficiente alcance das políticas sociais á hora de atender os dereitos básicos dos cidadáns máis golpeados pola crise económica”. Nunha Declaración final, a Asemblea Xeral, que celebrou as súas sesións entre os días 28 e 30 de xaneiro no Escorial, recorda “a obriga dos poderes públicos de aumentar os recursos dos servizos sociais para as persoas máis vulnerables”. E alerta, ao mesmo tempo, “que a acción de axuda que podemos realizar dende Cáritas ten uns límites que xa están superados e que, dado o recorte nos recursos públicos, o serán aínda máis”.



**CUPÓN DE
SOCIA/O OU
DONATIVO**



Sr./Srª Director/a de (Caixa ou Banco):.....

Sucursal:.....

Desexo domicilie na miña conta os recibos que presentará **Caritas Diocesana de Tui-Vigo**

Nome e apelidos:.....

Dirección:.....

DNI:..... Tel.:.....

Nº de conta:

Importe€ Anuais Trimestrais Mensuais Entrega única

En.....a..... de.....de 20.... Asdo.....

Enviar a **Caritas Diocesana Tui-Vigo. Avda. García Barbón, 104 - baixo. 36201 Vigo**